



Concello de Vigo

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 11

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA (agosto) que terá lugar o día 5 de SETEMBRO de 2016, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

PARTE RESOLUTIVA

- 1.- Actas anteriores .** (ordinaria (xuño) do 4.07.2016)

Ditames das Comisións Informativas:

RÉXIME INTERIOR, SEGURIDADE E MOBILIDADE

- 2.-** Proposta de festividades locais para o ano 2017. Expte. 1440/110 (1411/1101)

Mocións:

- 3.-** Moción do Grupo municipal Socialista instando a subscripción dun convenio coa Zona Franca de Vigo comprometéndose a conservar, rehabilitar e dotar de usos públicos o entorno da Panificadora. Rexistro Pleno 1414/1101.
- 4.-** Moción do Grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia que asuma as súas competencias e articule un convenio co financiamento comprometido para a posta en funcionamento dun novo servizo de transporte ao Aeroporto de Vigo. Rexistro Pleno 1415/1101.
- 5.-** Moción do Grupo municipal Socialista solicitando á Consellería de Sanidade que a poboación das áreas sanitarias de Pontevedra e Salnés volvan ter como referencia para cirurxía cardíaca e outras as unidades e servizos dispoñibles no Complexo Hospitalario de Vigo. Rexistro Pleno 1416/1101.

PARTE DE CONTROL

- 6.-** Dar conta de resolucións da Alcaldía.
- 7.-** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as.

Mocións de control.

- 8.-** Moción do Grupo municipal de Marea de Vigo instando á Corporación ao cese inmediato do desmantelamento do laboratorio municipal, potenciándoo na nova Área Metropolitana. Rexistro Pleno 1412/1101.
- 9.-** Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao Sr. Alcalde e á concelleira de Urbanismo informen sobre as actuacións realizadas en relación á elaboración dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo. Rexistro Pleno 1417/1101.
- 10.-** Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal o concurso dun novo contrato que reflicte as necesidades reais de conservación e mantemento das zonas verdes da cidade. Expte 1418/1101

11.- Formulación de rogos.

12.- Formulación de preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA (agosto) no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día CINCO, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

am

O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez



Vigo, 1 de setembro de 2016
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda.